

Fronda

Voandeira do Arquivo Histórico Provincial de Ourense

nº 107

ano 18

xullo-agosto 2024

O patrimonio monumental como recurso (III): MONTEDERRAMO NA ORIXE DA RIBEIRA SACRA

Nunha doazón asinada en Allariz o 27 de agosto de 1124 por dona Tareixa de Portugal (1080-1130) concédeselle permiso ao abade Arnaldo para crear un cenobio dedicado a San Xoán no lugar chamado *rovoyra sacrata*. Trataríase da refundación do mosteiro de Montederramo como cenobio cisterciense, se ben os especialistas na materia poñen en dúbida a autenticidade deste documento e traducen esa denominación como "carballeira sagrada". Dita expresión faría referencia á contorna do mosteiro de Montederramo.


A finais do século XVI, frei Mauro de la Escalera reproduciu ese privilexio de doazón nun libro tomo de Montederramo no que se relata a historia da fundación do mosteiro e se recompilan os seus diplomas máis importantes. Tanto nesa historia como na introdución que antecede ao privilexio traduce "*rovoyra sacrata*" como "Rviera Sagrada" (sic). O documento que protagoniza este número de *Fronda* é a páxina dese tomo na que figura a copia da mencionada doazón. A tradución de frei Mauro saltou a letra impresa como "Rivera Sagrada" na *Coronica General de la Orden de San Benito* publicada en 1610 por frei Antonio de Yepes, quen é posible que tivese acceso ao dito tomo.

Tal expresión fixo fortuna dende que en 1914 M. Martínez Sueiro e J. Arias Sanjurjo a referiron a un territorio máis amplo que o orixinal ao conectala en senllas publicacións coa gran cantidade de mosteiros e templos que desde o século VI terían poboado as ribeiras dos ríos Sil e Miño. Hoxe, esa denominación describe unha paisaxe cultural que a UNESCO considera de gran valor patrimonial, froito da interrelación entre o patrimonio arquitectónico, a singular vexetación autóctona e os usos da terra desenvolvidos pola poboación que a habita.

Os documentos sobre Montederramo ata a referida doazón de 1124 son considerados falsificacións. Non obstante, hai consenso en relación a que Montederramo foi erixido inicialmente como mosteiro da Orde de San Bieito, no lugar de Leboeiro (Montederramo) baixo a advocación de San Xoán. Como se dixo, coa doazón de 1124, incorporárase á Orde do Císter e trasladárase á súa localización actual. Para os máis escépticos, en cambio, a integración no Císter teríase producido en 1153, ano en

en que Montederramo toma a advocación que caracteriza aos mosteiros cistercienses: Santa María.

A etapa plenomedieval foi de bonanza para Montederramo. Desá época consérvanse abundantes doazóns reais e numerosos foros e escrituras de compravendas no Arquivo Histórico Nacional e no Arquivo Histórico Provincial de Ourense.



Século XVI, Montederramo.

Reproducción que figura no tomo de frei Mauro de la Escalera da doazón realizada en 1124 por D^a Tareixa de Portugal ao mosteiro de Montederramo.

Papel; escritura humanística; castelán e latín; 410 X 280 mm
AHPOU, Mosteiro de Sta. M^a de Montederramo, L. 410, fol. 2 r.

O edificio monástico

A pesares de ter existido un mosteiro do século XII, a día de hoxe apenas se conservan del algunhas pezas descontextualizadas. Tras a reforma do clero regular apoiada polos Reis Católicos entre finais do século XV e principios do XVI, Sta. M^a. de Montederramo incorporouse en 1528 á Congregación de Castela e, como consecuencia, viviu un significativo impulso económico. Na mesma centuria, adquiriu explotacións vinícolas en Monterrei e Trás-Os-Montes (Portugal), así como o mosteiro de Sta. M^a. de Castro de Rei. Como derradeiro logro económico do século XVI, creou, en 1590, un Colexio de Artes. O período de esplendor que viviu Montederramo durante esa centuria permitiu a renovación integral da totalidade do complexo monacal.

A nova fábrica foi erixida entre o século XVI e principios do XVII, en pleno auxo do Renacemento español e baixo o mando de tres grandes arquitectos casteláns: o xesuíta Juan de Tolosa (1548-1598), Pedro de la Sierra (séculos XVI-XVII) e Simón de Monasterio (1573-1624). Os tres estaban fortemente influídos pola obra de Juan de Herrera (1530-1597), especialmente polo mosteiro do Escorial. Os resultados foron unha igrexa, dous claustros –regular ou procesional e da hospedaría– e as dependencias monacais.

A igrexa é o elemento máis destacable. Iniciada a súa construción en 1598 por Juan de Tolosa e terminada por Pedro de la Sierra e Simón de Monasterio en 1607, presenta planta de cruz latina, un cruceiro acusado e rematado nunha cúpula no interior e cinco ábsidas. A fachada é un perfecto exemplo da escola herreriana. A súa austeridade e sobriedade decorativa, símbolo da simplicidade da vida cisterciense e reflexo do gusto escurialense, só é interrompida por un nicho cunha imaxe pétrea de Santa María, titular do mosteiro.

A condición de completa remodelación nun curto período de tempo fixo que este mosteiro, a diferencia do que acontece noutros cenobios irmáns, manteña unha unidade estilística que o converte no máis importante conxunto monástico do Renacemento en Galicia.


Esplendor, desamortización, abandono e rehabilitación

As doazóns, mercés e exencións de que gozaba Montederramo na súa etapa medieval convertérono nun mosteiro con grande poder na economía, na sociedade e na relixiosidade locais. Esta notoriedade non se disipou co paso de tempo. Ao contrario, o seu momento de máximo esplendor coincidiu cos anos centrais da Idade Moderna. Pero, aos poucos anos, a desamortización eclesiástica truncaría para sempre tal prosperidade.

En 1835 o goberno español de signo liberal decretou a desamortización eclesiástica. Relixiosos e relixiosas foron exlastrados e expulsados dos mosteiros e conventos, que quedaron abandonados. Montederramo non foi a excepción e os únicos que resistiron ao abandono e saqueo foron a igrexa, que

pasou a ser parroquial, e unha estancia para habitación do cura. A partir de 1841, as propiedades do clero regular foron postas en poxa, polo que as dependencias monásticas pasaron a mans privadas.

Tras décadas de abandono e espolio, do que non se librou a documentación, en 1951 Santa María de Montederramo é declarado monumento nacional. Non obstante, non foi ata a década de 1980 cando a Xunta de Galicia se decatou do valor deste cenobio singular, ao que Chamoso Lamas se refería como "o máis descoñecido dos vellos mosteiros galegos".



Historia sobre a fundación de Montederramo redactada por frei Mauro de la Escalera. AHPOu, Sta. M^a de Montederramo, L. 410.

Desde entón, o edificio do mosteiro foi restaurado e acondicionado para novos usos: colexio público, vivendas e pequenos negocios nas dependencias que acolían as celas dos monxes; espazo aberto ao público de titularidade pública nas dependencias comúns; e igrexa parroquial, tamén visitable.

O fondo documental do mosteiro de Montederramo

Coa exlastración e abandono do mosteiro, boa parte do patrimonio documental perdeuse ou disgregouse. O que se salvou, un total de 337 pergameos, atópase hoxe repartido por varios arquivos: Arquivo da Catedral de Ourense –custodia a maior parte dos pergameos–, Arquivo Histórico Nacional, Arquivo Histórico Provincial de Ourense, Arquivo do Reino de Galicia e Arquivo Histórico Diocesano de Astorga.

No Arquivo Histórico Provincial de Ourense, o fondo de Santa María de Montederramo conta con 23 caixas, 74 libros e 18 pergamiños con datas extremas de 1235 a 1835. Cabe destacarse o *Libro de gastos de obras...* en que se detallan os custos das obras da edificación renacentista.

Texto: Marta Vila Comesaña e Francisco Sandoval Vereá.
DL O 67/2006; ISSN 2659-3491



Arquivo Histórico
Provincial de Ourense

Emilia Pardo Bazán, s/n
arq.prov.ourense@xunta.gal
Tifno. 988788228